



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 06 de abril de 2010, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVICIOS.

4.5.- Preséntase expediente relativo ó Plan-E 2010, regulado por el Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea un Fondo Estatal para o Emprego e a Sostinibilidade Local, para a execución do servizo de “ADQUISICIÓN DE APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL DO CONCELLO E DIXITALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL”, por importe de 46.052,00 euros.

Por Secretaría infórmase que o expediente de adxudicación iniciouse por providencia de Alcaldía de data 08 de marzo de 2010 e que o mesmo aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09 de marzo de 2010 e que se pretende a súa adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, por non exceder a súa cuantía do límite sinalado no artigo 158 e) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 161 da mesma lei. Engade que se solicitaron ofertas a tres empresas capacitadas para a execución do contrato e que a Mesa de Contratación reunida en data 06 de abril 2010 propuxo a adxudicación á empresa “Longo Ansa y Asociados SL”, por un importe de 39.700,00 euros e 6.354,00 euros en concepto de IVA, cun total de 46.054,00 euros e as seguintes melloras: ampliación do prazo de garantía en sesi meses, cun prazo de execución de cinco meses, debendo a citada empresa contratar a dous traballadores en situación de desemprego. Finalmente sinala que a empresa “Esteca 2001 SL” comunica o seu desestimento a participar na licitación, e a empresa “Francisco Costas Alonso” non presente oferta.

O resultado da valoración realizada pola Mesa de Contratación é a seguinte:

Longo Ansa y Asociados SL

- Importe: 46.052,00 euros.
 - Melloras: 6 meses de conservación e mantemento sobre os dous anos de prazo de garantía (5 puntos).
 - Traballadores desempregados a contratar sobre o total sinalado no proxecto: traballadores: 2 traballadores (30 puntos)
- Puntuación total: 35 puntos.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local:

1.- Adxudicar provisionalmente o servizo de “ADQUISICIÓN DE APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL DO CONCELLO E DIXITALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL” á empresa LONGO ANSA Y ASOCIADOS SL, por un importe de 39.700,00 euros e 6.354,00 euros en concepto de IVA, cun total de 46.054,00 euros e as seguintes melloras: ampliación do prazo de garantía en sesi meses, cun prazo de execución de cinco meses, debendo a citada empresa contratar a dous traballadores en situación de desemprego.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es


- 2.- Notificar ás empresas participantes na licitación o presente acordo, ós efectos do previsto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, insertando o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante sito na páxina web “www.ailladearousa.es/contratación”.
- 3.- Dar traslado do presente acordo á empresa adxudicataria, ós efectos do previsto no artigo 135.4 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e para a presentación da documentación sinalada no mesmo.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, en A Illa de Arousa, a 07 de abril de 2010.

Vº e Prace
ALCALDE


Fdo. José Manuel Vázquez Vázquez

O SECRETARIO


Fdo. Daniel Angel Lamas Bello